

DEPARTAMENTO ECONOMÍA

Programación didáctica
CURSO 2022-23

JOSÉ LUIS LÓPEZ SUEIRO.

JOSÉ MANUEL PEREIRA CABEZUELO.(BAIXA).

JOSÉ MANUEL OLIVEIRA CORTÉS.

Departamento de Economía.

IES Armando Cotarelo Valledor.

Vilagarcía de Arousa.

Índice

1. Introducción.....	4
1.1. Marco legal.....	4
1.2. Relevancia da materia.....	5
1.3. Materias do departamento.....	6
2. Contextualización.....	6
3. Obxectivos.....	7
3.1. Obxectivos na Educación Secundaria.....	7
3.2. Obxectivos no Bacharelato.....	9
4. Competencias clave.....	12
4.1. Contribución da materia ás competencias clave.....	12
5. Contidos das materias e secuenciación.....	13
5.1. Economía en Educación Secundaria.....	14
5.2. Economía da empresa en 2º de Bacharelato.....	16
5.3. Elementos transversais.....	19
6. Metodoloxía.....	21
6.1. Principios metodolóxicos.....	21
6.2. Estratexias metodolóxicas.....	22
6.3. Actividades de ensinanza-aprendizaxe.....	22
6.4. Organización de tempos, espazos e agrupamentos.....	25
6.5. Recursos didácticos.....	26
6.5.1. Bibliografía e webgrafía.....	26
7. Avaliación e cualificación.....	29
7.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.	29
7.2. Momentos de avaliación.....	30
7.3. Procedementos de avaliación.....	30

7.4. Instrumentos de avaliación.....	31
7.5. Grao mínimo e temporalización para cada estándar.....	32
7.5.1. Economía en Educación Secundaria.....	32
7.5.2. Economía da empresa en 2º de Bacharelato.....	38
7.6. Criterios da cualificación.....	44
7.7. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.....	45
7.7.1. Mecanismo de avaliación e cualificación.....	45
7.7.2. Probas a realizar.....	46
7.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	47
7.8.1. Indicadores de planificación.....	47
7.8.2. Indicadores de motivación do alumnado.....	47
7.8.3. Indicadores de desenvolvemento do ensino.....	48
7.8.4. Indicadores de seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe... ..	48
8. Medidas de atención á diversidade.....	49
9. Actividades complementarias e extraescolares.....	50
10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.....	51
11. Criterios sobre a avaliación e cualificación.....	51
12. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.....	51

1. Introducción.

1.1. Marco legal

A efectos da elaboración desta programación didáctica, é de aplicación o marco legal de referencia constituído polas seguintes normas:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).
- RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade

Autónoma de Galicia. DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia na Sección 3.ª Plan Xeral de Atención á Diversidade.

- RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2016, da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- Protocolo do 22 de Xullo de 2020 de Adaptación ao contexto da COVID19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-21, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

1.2. Relevancia da materia

Tal e como se establece no Decreto 86/2015:

“A formación en economía faise necesaria nun contexto globalizado, no que as relacións entre os axentes económicos e sociais son cada día máis complexas.

A consideración do comportamento económico das persoas na procura da satisfacción das súas necesidades, así como da produción e da organización dos bens e os servizos necesarios, e da distribución dos recursos escasos facilitan a comprensión da realidade social.

Calquera persoa necesita coñecer as regras básicas que explican os acontecementos económicos e a linguaxe específica utilizada por economistas e medios de comunicación para analizar eses feitos. O estudo da economía axuda a percibir e a coñecer o mundo, e posibilita analizar e afondar nas relacións humanas, facilita a comprensión dos conceptos utilizados habitualmente na análise económica e empresarial, serve para potenciar destrezas de razoamento, abstracción e interrelación, e proporciona ferramentas para examinar de xeito crítico a sociedade. E contribúe tamén a desenvolver a curiosidade intelectual, a capacidade analítica, o rigor e a amplitude de perspectivas á hora de indagar no coñecemento de variables como o crecemento, a pobreza, a educación, a saúde, a riqueza, o ambiente, etc. Proporciona importantes coñecementos matemáticos e estatísticos, habilidades de comunicación oral e escrita para explicar e transmitir ideas e conclusións,

con argumentos e evidencias empíricas, sentido da ética e respecto polo ser humano, así como unha intensa capacidade de traballo, tanto individual como en equipo.”

1.3. Materias do departamento

As materias do departamento para o curso 2020/21 son as seguintes:

- Economía (4º ESO)
- Economía (1º Bacharelato)
- Economía da Empresa (2º Bacharelato)

2. Contextualización.

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da Vila.

O IES Armando Cotarelo Valledor atópase situado na parroquia de Sobradelo (3.412 hab.), na periferia de Vilagarcía 37.519 hab., a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán. A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial

As principais actividades económicas do entorno son:

- Pesca e marisqueo
- Agricultura
- Hostalería
- Conservas (actualmente en plena decadencia)
- Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras)
- Comercio, actividades industriais e outras

A oferta educativa do centro e a seguinte:

- ESO
- Bacharelato
- Formación profesional (Administración, Comercio e Informática)
- Adultos (ESA e bacharelato)
- Aula mentor

3. Obxectivos.

3.1. Obxectivos na Educación Secundaria

Conforme ao Artigo 8 do Decreto 86/2015, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas unha serie de capacidades que, nesta programación didáctica, asumimos na totalidade.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora,

e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

3.2. Obxectivos no Bacharelato

Segundo o establecido no artigo 26 do Decreto 86/2015, de 25 de xuño, o Bacharelato contribúe a que o alumnado desenvolva un conxunto de capacidades. Citámolas a continuación indicando para cada unha a contribución a grandes trazos que, desde a nosa materia, fixaremos como meta.

Obxectivo	Contribución na materia
Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada nos valores da Constitución española e dos dereitos humanos, que promova a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.	Procuraremos maximizar a vinculación entre actividades e contorna real do alumnado, ademais de fomentar o respecto á diversidade e á comprensión da base material das desigualdades.
Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de xeito responsable e autónomo e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver	Facilitaremos especificamente os valores de esforzo, autonomía e cooperación, entre outras vías, mediante os tres

<p>pacíficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>	<p>traballos/proxectos grupais propostos.</p>
<p>Promover a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e avaliar de forma crítica as desigualdades e a discriminación existentes, e en particular a violencia contra as mulleres e promover a igualdade real e a non discriminación de persoas debido a calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con especial atención ás persoas con discapacidade.</p>	<p>Entre outras iniciativas, faremos visible a perspectiva feminista da economía que pon o centro nos coidados e en actividades, tradicionalmente invisibilizadas na disciplina, mais imprescindibles para o desenvolvemento da vida.</p>
<p>Fortalecer os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o uso efectivo da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p>	<p>Faremos énfase na necesidade de enfrontarse con paciencia e constancia a conceptos económicos complexos como requisito indispensable para un correcto xuízo autónomo.</p>
<p>Dominar, tanto oralmente como por escrito, a lingua castelá e, se é o caso, da lingua cooficial da comunidade autónoma.</p>	<p>A través do fomento da lectura, expresión escrita e presentación oral de traballos.</p>
<p>Expresarse con fluidez e corrección nun ou máis idiomas estranxeiros.</p>	<p></p>
<p>Usar con solvencia e responsabilidade das tecnoloxías da información e da</p>	<p>Por medio, especialmente, dos traballos grupais perseguiremos</p>

<p>comunicación.</p>	<p>que o alumnado sexa quen de filtrar a información, procesala e expoñela de maneira comprensible e efectiva.</p>
<p>Coñecer e valorar de xeito crítico as realidades do mundo contemporáneo, o seu contexto histórico e os principais factores da súa evolución. Participar solidariamente no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.</p>	<p>Procuraremos ligar os grandes modelos económicos con problemáticas cotiás da vida do alumnado: precariedade, desemprego, desigualdade, etc.</p>
<p>Acceder aos coñecementos científico e tecnolóxico fundamentais e dominar as habilidades básicas da modalidade escollida.</p>	<p>Coa comprensión dos modelos matemáticos que sustentan a disciplina (funcións de custes e produción, por exemplo) mais tamén coas habilidades, ligadas ás TIC, para procesar as variables económicas.</p>
<p>Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos. científicos. Coñecer e valorar criticamente a contribución da ciencia e da tecnoloxía nas condicións cambiantes da vida, así como reforzar a sensibilidade e o respecto ao medio ambiente.</p>	<p>Introducindo ao alumnado na análise con rigor da información por criterios científicos mais tamén cunha ollada crítica ao modelo de crecemento e, en especial, ao seu impacto no medio.</p>
<p>Reforzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade,</p>	<p>Mediante os traballos grupais e as lecturas e traballos individuais</p>

<p>iniciativa, traballo en equipo, autoconfianza e sentido crítico.</p>	<p>propostos cunha perspectiva, ademais de aberta e tolerante, atenta á area de intereses do alumnado.</p>
<p>Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como criterios estéticos, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</p>	<p>Integrando as diferentes expresións artísticas e, en especial aquelas das que participa o alumnado, dentro da problemática económica e da crítica da mesma.</p>
<p>Utilizar a educación física e o deporte para promover o desenvolvemento persoal e social.</p>	<p></p>
<p>Fortalecer actitudes de respecto e prevención no campo da seguridade viaria.</p>	<p></p>
<p>Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.</p>	<p>A través do coñecemento dos sector produtivos tradicionais con forte vello nas expresións culturais propias.</p>

4. Competencias clave.

Como define o Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, as competencias clave son “capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos de cada

etapa docente e educativa, para lograr a adecuada realización das actividades e a resolución efectiva de problemas complexos”.

As competencias do currículo, de acordo co recollido polo artigo 2 do citado Decreto, son as seguintes:

- Comunicación lingüística (CCL);
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT);
- Competencia dixital (CD);
- Aprender a aprender (CAA);
- Competencias sociais e cívicas (CSC);
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE);
- Conciencia e expresións culturais (CEC).

4.1. Contribución da materia ás competencias clave

As materia do Departamento de Economía contribuirán á adquisición das competencias clave mediante as seguintes orientacións básicas:

a) Comunicación lingüística (CCL)

Fomentarase mediante a estruturación das ideas principais do pensamento económico, tanto desde a síntese, reprodución e interpretación como desde o xuízo crítico e elaboración propia. Prestarase especial atención ao rexistro oral, procurando a exposición argumental clara no marco de diálogos respectuosos e construtivos

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

Da man dos conceptos matemáticos que estruturan a propia disciplina económica, procurarase a comprensión de fórmulas e modelos que funcionan como instrumentos para a interpretación da realidade económica.

c) Competencia dixital (CD)

Incidirase nos recursos tecnolóxicos que permitan profundar no manexo dos paradigmas económicos estudados, así como nas técnicas básicas de busca e filtro de información na web.

d) Aprender a aprender (CAA)

Promoveranse actividades orientadas a espertar a curiosidade e a desenvolver unha área propia de intereses arredor da materia. Traballarase métodos de estudo e de síntese de información e incentivarase a elaboración de contidos propios a partir dos materiais didácticos básicos.

e) Competencias sociais e cívicas (CSC)

De modo transversal a todas as actividades, fomentarse unha actitude de tolerancia e de respecto entre o grupo. En sintonía con isto, alimentarase a preocupación polos problemas económicos vinculados á loita contra a desigualdade e a discriminación e exclusión sociais.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Promoverase a creatividade, capacidade innovadora e descubrimento das propias capacidades, sempre con firme ancoraxe no contexto real en que se desenvolven. Así, traballarase as técnicas de análise e recollida de datos sobre contornas económicas reais e as oportunidades e riscos que ofrecen.

g) Conciencia e expresións culturais (CEC)

Proporcionarase unha escolma de manifestacións artísticas e culturais que contribúan a explicar o momento histórico en que a actividade económica ten lugar así como as ligazóns entre esta e outras áreas de coñecemento

5. Contidos das materias e secuenciación.

5.1. Economía en Educación Secundaria

Os contidos desta programación están adaptados ao Decreto 86/2015 polo que o desenvolvemento da materia organízase arredor dos seguintes 6 bloques:

Bloque 1. Ideas económicas básicas
B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade.

- B1.2. Principios na toma de decisións económicas.
- B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.
- B1.4. O método na economía: modelos económicos.
- B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.
- B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.

Bloque 2. Economía e empresa

- B2.1. A empresa e o/a empresario/a.
- B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.
- B2.3. Clases de empresas.
- B2.4. Formas xurídicas da empresa.
- B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos.
- B2.6. Sectores da actividade económica.
- B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento.
- B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación.
- B2.9. Resultados da empresa.
- B2.10. Obrigas fiscais das empresas.

Bloque 3. Economía persoal

- B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos.
- B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.
- B3.3. Planificación económico-financeira: necesidades económicas nas etapas da vida.
- B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións.
- B3.5. Risco e diversificación.
- B3.6. O diñeiro.
- B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito.
- B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación.
- B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.
- B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.

Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado

- B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.
- B4.2. A débeda pública e o déficit público.

B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego
B5.1. Tipos de xuro.
B5.2. Inflación.
B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación.
B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.
B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.
B5.6. Perspectivas da ocupación.
Bloque 6. Economía internacional
B6.1. Globalización económica.
B6.2. Comercio internacional.
B6.3. Integración económica e monetaria europea.
B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.

A secuenciación aproximada ao longo do curso resumímola na seguinte táboa:

Contidos didácticos	Temporalización aproximada
Bloque 1. Ideas económicas básicas	05/10/2020 - 31/10/2020
Bloque 2. Economía e empresa	02/11/2020 - 22/12/2020
Bloque 3. Economía persoal	08/01/2021 - 12/02/2021
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado	18/02/2021 - 26/03/2021
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego	06/04/2021 - 14/05/2021
Bloque 6. Economía internacional	18/05/2021 - 22/06/2021

5.2.- Economía da empresa en 2º de Bacharelato

Os contidos desta programación están adaptados ao Decreto 86/2015 polo que o desenvolvemento da materia organízase arredor dos seguintes 7 bloques cos correspondentes apartados:

Bloque 1. A empresa

- B1.1. A empresa e o/a empresario/a.
- B1.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa.
- B1.3. Clases de empresas.
- B1.4. Marco xurídico da actividade empresarial.
- B1.5. Contorno da empresa.
- B1.6. Responsabilidade social e ambiental da empresa.
- B1.7. Funcionamento e creación de valor.

Bloque 2. Desenvolvemento da empresa

- B2.1. Localización e dimensión empresarial.
- B2.2. Estratexias de crecemento interno e externo.
- B2.3. Pequenas e medianas empresas: estratexias de mercado.
- B2.4. Importancia das pequenas e medianas empresas (PME) na economía.
- B2.5. Internacionalización, competencia global e tecnoloxía.
- B2.6. Empresa multinacional: aspectos positivos e negativos do seu funcionamento.

Bloque 3. Organización e dirección da empresa

- B3.1. División técnica do traballo e necesidade de organización no mercado

actual.

B3.2. Funcións básicas da dirección.

B3.3. Planificación e toma de decisións estratéxicas.

B3.4. Organización formal e informal da empresa: deseño e análise da súa estrutura.

B3.5. A xestión dos recursos humanos e a súa incidencia na motivación.

B3.6. Os conflitos de intereses e as súas vías de negociación.

Bloque 4. A función produtiva

B4.1. Producción e proceso produtivo.

B4.2. Función de produción. Produtividade e eficiencia

B4.3. Investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) como elementos clave para o cambio tecnolóxico e a mellora da competitividade empresarial.

B4.4. Custos: clasificación e cálculo dos custos na empresa.

B4.5. Cálculo e interpretación do limiar de rendibilidade da empresa.

B4.6. Os inventarios da empresa e os seus custos. Modelos de xestión de inventarios.

Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía

B5.1. Departamento comercial da empresa

B5.2. Concepto e clases de mercado.

B5.3. Técnicas de investigación de mercados.

B5.4. Comportamento do/da consumidor/a e segmentación de mercados.

B5.5. Variables do márketing-mix e elaboración de estratexias.

B5.6. Estratexias de márketing e ética empresarial.

B5.7. Tecnoloxías da información e das comunicacións e márketing.

Bloque 6. A información na empresa

B6.1. Obrigas contables da empresa.

B6.2. A composición do patrimonio e a súa valoración.

B6.3. Resultados da empresa.

B6.4. As contas anuais e a imaxe fiel.

B6.5. Elaboración do balance e da conta de perdas e ganancias.

B6.6. Análise e interpretación da información contable.

B6.7. Fiscalidade empresarial: principais figuras impositivas e elementos clave do súa estrutura e do seu funcionamento.

Bloque 7. A función financeira

B7.1. Estrutura económica e financeira da empresa.

B7.2. Concepto e clases de investimento.

B7.3. Valoración e selección de proxectos de investimento.

B7.4. Fontes de financiamento interno e externo da empresa. Novas formas de financiamento.

B7.5. Ciclos da empresa.

B7.6. Período medio de maduración.

Distribuiremos os anteriores sete bloques ao longo dos meses do curso de acordo coa seguinte táboa:

Contidos didácticos	Temporalización
---------------------	-----------------

	aproximada
Bloque 1. A empresa	28/09/2020 - 20/10/2020
Bloque 2. Desenvolvemento da empresa	21/10/2020 - 17/11/2020
Bloque 3. Organización e dirección da empresa	18/11/2020 - 22/12/2020
Bloque 4. A función produtiva	08/01/2021 - 12/02/2021
Bloque 5. A función comercial da empresa	18/02/2021 - 04/03/2021
Bloque 6. A información na empresa	05/03/2021 - 06/04/2021
Bloque 7. A función financeira	07/04/2021 - 07/05/2021

5.3. Elementos transversais

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, inclúe coma elementos transversais a comprensión a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional. Estes elementos traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

Nesta programación didáctica prestaremos especial atención ao fomento da lectura e á solvencia no uso das TIC.

Tratamento do fomento da lectura

Hai que ter en conta que o alumnado terase que habituar a ler e analizar o lido para obter información necesaria para a elaboración do seu propio proxecto emprendedor. Desde materia intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados competencia lectora como os seguintes:

- Comprender globalmente (capacidade para identificar a idea principal do texto).
- Obter información (capacidade para extraer información do texto).
- Elaborar unha interpretación (capacidade para extraer o significado e realizar inferencias partir do lido).
- Reflexionar sobre o contido do texto (capacidade para relacionar o contido do texto coñecementos previos).
- Reflexionar sobre a estrutura dun texto (capacidade de relacionar a forma do texto coa utilidade e función).

Por tanto, no desenvolvemento da materia ao longo do curso requirirase a lectura de diverso tipo de información. A continuación amósanse as fontes de lectura máis importantes na materia:

- Artigos nos que se amosan as ideas económicas de diferentes.
- Textos legais do ámbito do dereito mercantil, fiscal e laboral.
- Noticias de prensa relacionadas co mundo dos emprendedores.
- Información de páxinas web con temática específica sobre o mundo da economía, empresa e emprendemento.
- Dicionarios específicos de economía, empresa e comercio para a consulta de termos que usan en relación coa materia na linguaxe cotiá na aula.
- Consulta de certo material en lingua inglesa (dicionarios, artigos, documentos) co mundo da empresa.

Algunhas das actividades propostas poden ser:

- Lectura en voz alta por parte do alumnado de textos de actividades. pódese pedir ao alumnado que interprete o texto e que faga un resumen do lido,
- Lectura en voz alta ou individualmente por parte do alumnado de contidos seguidos coa posterior explicación parte do profesor/a. Posteriormente, o podería sacar conclusións, elaborar esquemas que lle axudasen a estruturar ese etc.

- Actividades de busca de información en Internet, diccionarios, prensa, etc. Por busca de ideas emprendedoras consultando bancos de ideas en internet; consulta termos propios da materia en diccionarios; busca e análise de artigos relacionados mundo de emprendemento; etc.
- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.
- Elaboración dun vocabulario específico da materia, anotando nun caderno os específicos e novos que vaian xurdindo ao longo do curso.

Tratamento do fomento das TIC

Moitos dos modelo didácticos que se usarán están contemplados no plan de integración tecnoloxías da información e da comunicación do centro.

A modo de exemplo amósanse algunhas das estratexias que se seguirán:

- Realización de actividades nas que o alumnado terá que buscar certa información Internet para despois traballar con ela.
- Presentación de actividades polo alumnado usando os medios dixitais.
- Explicacións do profesor/a apoiadas coa axuda de encerado dixital.
- Presentación aos alumnos/as e a través da pantalla dixital de información de busca en internet e relacionada coa materia (artigos, datos estatísticos, gráficos, de empresa, subvencións, etc.)
- Acceso do alumnado, na medida do posible, a moitos dos contidos e actividades do curso.
- Uso dunha folla de cálculo polo alumnado para o cálculo de estatísticas, previsións, etc.

6. Metodoloxía.

Tal e como establece o RD 1105/2014 no seu artigo 2, a metodoloxía didáctica é o “conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e

planificadas pola facultade, de xeito consciente e reflexivo, para que os alumnos aprendan e logren os obxectivos definidos”.

Estamos, por tanto, diante dun dos elementos estratéxicos da labor docente que condiciona a asimilación dos contidos e o interese polos mesmos no futuro.

Procuraremos unha metodoloxía activa que poña en valor a participación nas sesións, o esforzo diante das dificultades, a cooperación no grupo e o interese pola materia de maneira autónoma e máis alá dos contidos curriculares do nivel.

6.1. Principios metodolóxicos

Conforme ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, os principios metodolóxicos que guiarán a nosa labor didáctica serán en síntese os seguintes:

Metodoloxía activa e participativa

Motivarase a iniciativa do alumnado, tanto de modo individual como no traballo por grupos, fomentando valores cooperativos.

Enfoque multidisciplinar

Concibirase a materia como un elemento máis do currículo da etapa. Isto é, procurarase a interligazón entre as diferentes disciplinas, potenciando a colaboración entre o profesorado do grupo.

Respecto e atención á diversidade

Coa finalidade de garantir o desenvolvemento integral das capacidades do alumnado, traballarase no coñecemento das necesidades de cada alumno e de cada grupo en particular. Tentarase a rápida detección das dificultades na aprendizaxe para a posta en marcha eficaz das medidas de reforzo convenientes.

Protagonismo das competencias clave

Tal e como identificamos no apartado 4, o desenvolvemento das competencias clave da etapa articulará a formulación de actividades, así como a avaliación posterior das mesmas.

6.2. Estratexias metodolóxicas

En sintonía cos principios do apartado anterior, as estratexias metodolóxicas poderán agruparse en dous tipos: expositivas e activas ou de descubrimento.

Dentro das estratexias expositivas incluiremos a explicación oral maxistral e a lectura de documentos (textos e esquemas, entre outros) aportados polo docente. Reservaranse este tipo de estratexias especialmente para os coñecementos base de cada unidade.

As estratexias activas ou de descubrimento polo propio alumno utilizaranse como apoio das estratexias expositivas reforzando e asentando os conceptos elementais de cada tema. Ademais, xogarán un rol imprescindible como vía de motivación e exploración do coñecemento autónomo nas aulas. O rol do docente será o de facilitador establecendo pautas, proporcionando recursos, asistindo e guiando no proceso.

6.3. Actividades de ensinanza-aprendizaxe

Para despregar as estratexias metodolóxicas valerémonos dunha serie de actividades que faciliten a asimilación de contidos e a adquisición das competencias requiridas. Destacaremos as seguintes:

Tipo de actividade	Propostas
Actividades introductorias Co obxectivo de motivar o alumnado pero tamén	Debate previo Debate guiado polo docente arredor das implicacións na vida e contexto social directo do alumno das formulacións económicas de cada unidade.

<p>de coñecer o nivel de partida do grupo e os intereses que poidan facilitar o traballo docente, adicaremos tempo ao comezo de cada unidade a explorar a posición do alumnado perante os temas correspondentes.</p>	<p>Lectura previa</p> <p>Ilustración de conceptos da unidade mediante breves lecturas (novas de xornais, banda deseñada, fragmentos de opinións, etc.). Utilizáremolo tamén como recurso no marco do debate anterior.</p> <p>Avaliación inicial</p> <p>Cando do que se trate sexa prevalentemente da avaliación das competencias e coñecementos do alumnado, recorreremos directamente a unha proba escrita ou oral inicial.</p>
<p>Actividades de desenvolvemento</p> <p>Resultará fundamental intercalar actividades de diferente tipo para enfocar con distintos recursos os temas a tratar.</p>	<p>Exposición oral</p> <p>Optaremos por fragmentos de explicacións orais en practicamente todas as sesións das unidades. Estes desenvolvementos orais dos temas terán unha orientación clara á comprensión e interese por parte do alumnado, sen menoscabo do rigor esixido na etapa educativa na que nos atopamos. Incentivarase a participación do alumnado mediante preguntas e confrontación de ideas cando o tema así o posibilite. Procuraremos a ilustración dos contidos con materiais audiovisuais actuais, procurando a conexión cos intereses do alumnado.</p> <p>Lecturas e ilustracións comentadas</p> <p>Aportaremos lecturas de diferente tipo (fragmentos de obras, banda deseñada, ilustracións e novas de xornais e revistas, principalmente) e abriremos ás mesmas ao comentario e relación cos contidos das</p>

	<p>diferentes unidades. Os comentarios poderán ser desenvolvidos oralmente ou por escrito, en pequenos grupos ou de modo individual.</p> <p>Casos prácticos Formularemos casos prácticos para a resolución de problemas económicos conforme ao nivel esixido na etapa.</p> <p>Traballos de afondamento e investigación Proporanse tarefas de investigación e descubrimento autónomas do propio alumnado. Para a súa exposición atenderemos de modo especial ao desenvolvemento de competencias clave como CCL, CD e CSIEE (véxase apartado 4) .</p>
<p>Actividades de síntese</p> <p>De cara a facilitar o estudo e a memorización, dispoñibilizaremos distintas técnicas que posibilitarán a estruturación correcta da información e esquematización das claves de cada unidade.</p>	<p>Mapas conceptuais Distribuiremos naquelas seccións das unidades que así o requiran mapas conceptuais que sinteticen o estudado.</p> <p>Esquemas do aprendido A partir de modelos proporcionados polo equipo docente, fomentaremos e guiaremos a elaboración de esquemas por parte do alumnado. Así mesmo, aprenderemos o emprego do esquema para unha exposición oral.</p> <p>Elaboración e exposición de murais Como parte do traballo cooperativo, o grupo sintetizará conceptos e feitos que lle resulten destacables expoñendo os mesmos de modo</p>

		temporal na aula ou no corredor.
Actividades de ampliación		<p>Proposta e acompañamento de lecturas adicionais.</p> <p>Con especial atención a aqueles alumnos cuxo interese pola materia non quede completamente satisfeito cos contidos das unidades, facilitaranse e acompañaranse lecturas e produtos audiovisuais para afondar naqueles temas que motiven o alumnado.</p>
Actividades de avaliación	de	* Tratadas no apartado 7

6.4. Organización de tempos, espazos e agrupamentos

A organización do tempo atenderá á especificidade do alumnado e ao ritmo de aprendizaxe conxunto. Potenciaremos o esforzo e a adquisición por parte do grupo da maior parte de competencias e coñecementos requiridos nesta etapa.

Sen prexuízo do disposto no apartado 8. Medidas de atención á diversidade, a disposición na aula será consensuada co grupo e o equipo docente do resto das materias. Pola nosa parte, procurarase unha disposición que favoreza a atención e a escoita mutua sen prexuízo do mantemento da orde e o respecto polos tempos indispensable para a aprendizaxe efectiva.

Para os agrupamentos, aplicaranse criterios que favorezan a participación e equilibrio de cada individuo no grupo. Isto é, procuraremos suavizar liderados cunha especial atención a superar posibles casos de acoso, discriminación ou marxinación dalgúns alumnos na aula. Estimamos que, para os traballos en grupo, o número óptimo de alumnado por grupo debe oscilar entre 3 e 4 e, na medida das posibilidades, cunha configuración rotativa sen prexuízo dos criterios mencionados anteriormente.

6.5. Recursos didácticos

Con carácter xeral, os recursos didácticos serán preparados polo equipo docente a partir da bibliografía básica do departamento e dos diferentes recursos web e publicacións periódicas en papel. Ademais, para ilustrar certos conceptos e estimular a integración do currículo da materia con cuestións doutras disciplinas da vida do alumnado valerémonos de audiovisuais (fragmentos de series, filmes, podcast, cancións, etc) así como de publicacións de banda deseñada e relatos e fragmentos de novelas de ficción.

Integraremos o uso das TIC na práctica docente facilitando que o alumnado adquira as habilidades para sacarles o máximo partido no proceso de aprendizaxe. Á marxe do uso de recursos como o encerado dixital interactivo ou a proxección de audiovisuais, fortaleceremos a comunicación entre profesorado e alumnado a través dos seguintes recursos:

Aula virtual do centro

(https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotarelovilagarcia/_aulavirtual/). Coa finalidade de compartir recursos e información fóra do horario lectivo e con certas pautas baixo control do docente, habilitaremos esta rede interactiva con fins académicos. O uso desta aula virtual posibilitará organizar mellor os recursos e profundar a vinculación do alumnado coa materia e o seu progreso na mesma.

Correo electrónico corporativo. Poremos a disposición do alumnado a comunicación ao docente vía correo @edu.xunta.gal. Tamén estableceremos un protocolo e pautas de comunicación.

6.5.1. Bibliografía e webgrafía

Entre os recursos bibliográficos e web consultadas habitualmente, destacamos os seguintes:

Libros de texto básicos da etapa: empregarémoslos para consultar a perspectiva didáctica así como a orientación das actividades e recursos empregados.

VVAA (2016). Economía 4ºESO. Santillana.

Cabrera Bautista, Andrés (2016). Economía 4ºESO. SM.

Penalonga Sweers, Anxo (2016). Economía 4ºESO. McGraw-Hill.

Penalonga Sweers, Anxo (2019). Economía 1º Bachillerato. McGraw-Hill.

Cabrera Bautista, Andrés (2015). Economía 1º Bachillerato. SM.

Cabrera Bautista, Andrés (2016). Economía de la empresa 1º Bachillerato. SM.

Pérez César, Alberto (2018) Economía de la empresa. Galinova.

Manuais básicos e ensaios de economía: consultarémolos de modo continuo para afondar no propio dominio da materia polo docente e así garantir unha transmisión de contidos solvente e rigorosa. Destacamos os seguintes case a modo de escolma:

Krugman, Paul (2014). Fundamentos de Economía. Ed. Reverté.

Mochón, Francisco (2009). Introducción á macroeconomía. McGraw-Hill.

Varian, Hal R (2015). Microeconomía intermedia. Antoni Bosch.

Ekelund, Robert (2005). Historia da Teoría Económica e do seu Método. McGraw-Hill

Guerrero, Diego (coord.) (2002). Manual de Economía Política. Ed. Síntesis.

Banda deseñada editada sobre temática económica:

Goodwin, Michael e Burr, Dan E. (2012). Economix. Como funciona la economía (y como no). Lunwerg Editores.

Sande, José. Economía en 1/ hora (e outros cómic). Disponible para descarga en: <https://josesande.com/libros-gratis/>

Outros libros de interese para afondar coñecementos e estimular o debate (véxase plan lector):

Moruno, Jorge (2018). No tengo tiempo: geografías de la precariedad. Akal.

Sampedro, José Luis. (2013). El mercado y la globalización. Ed. Destino.

Varela, Nuria. (2005). Feminismo para principiantes. Ed. B de Bolsillo.

Pilling, David. (2019). El delirio del crecimiento. Taurus.

Stiglitz, Joseph E. (2002). El malestar de la globalización. Taurus.

Consello Económico e Social de Galicia. (2017). Por unha alianza no sector industrial galego.

Webs con perspectiva docente para o ámbito específico do ensino das materias da especialidade de Economía:

Blogue do profesor de Economía Javier Martínez Argudo con recursos, actividades, apuntamentos, etc: <http://www.econosublime.com/>

Blogues da profesora Eva Baena: <https://paraprofesdeconomia.com/> e <https://aprendeconomia.com/>

Canal de Youtube “Sólo papel y boli” con explicacións simples de conceptos básicos da materia:
<https://www.youtube.com/channel/UCthOc28CPf2T9QVWUGWrkKg>

Entre os recursos web de onde obter extractos de textos para comentar en aulas, gráficos ou opinións sobre temas de actualidade, citaremos:

Publicacións diarias de economía dos grandes grupos de comunicación con novas diarias sobre actualidade: <https://www.expansion.com/>,
<https://www.eleconomista.es/>, <https://cincodias.elpais.com/>,
<https://www.lavozdeg Galicia.es/economia/>,
<https://www.elconfidencial.com/economia/>

Revista Galega de Economía. Publicación da USC centradas nas problemáticas da economía en Galicia: <http://www.usc.es/econo/RGE/benvidag.htm>

Alternativas Económicas. Sitio web da revista mensual do mesmo nome:

<https://alternativaseconomicas.coop/>

El Blog Salmón. Weblog colectivo dedicado á economía nun sentido amplo (finanzas, empresa, economía doméstica): <https://www.elblogsalmon.com/>

Paradoja de Kaldor. Blogue independente editado por diferentes autores cunha perspectiva crítica da economía actual: <https://paradojadekaldor.com/>

7. Avaliación e cualificación.

7.1. Criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.

O Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, establece que os referentes para a comprobación do grao de adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis. Este mesmo decreto define os criterios de avaliación e as normas de aprendizaxe do seguinte xeito:

Criterios de avaliación: son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e o que o alumnado debe alcanzar, tanto en coñecementos como en competencias. Isto é, responden ao que se pretende conseguir en cada materia.

Estándares de aprendizaxe avaliáveis: especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados da aprendizaxe e que concretan o que o estudante debe coñecer, comprender e saber facer en cada materia; deben ser observables, medibles e avaliáveis e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. O seu deseño debe contribuír e facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

En resumo, os estándares concretan os criterios de avaliación e permiten establecer a gradación que requirirá o instrumento de avaliación correspondente.

No sistema de avaliación, criterios, estándares e competencias manteñen vínculos de asociación e interdependencia de modo que, para cada bloque de contidos, existen unha serie de criterios de avaliación que cristalizan na consecución de determinados estándares que, á súa vez, determinan o logro de determinadas competencias clave.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato en Galicia, establece estes criterios, estándares e competencias que se corresponden cos obxectivos do apartado 3 e que no apartado 7.5 incluíndo o mínimo grao de consecución que permitirá considerar a avaliación como positiva e os procedementos correspondentes.

7.2. Momentos de avaliación

Os puntos de referencia no proceso avaliador son os seguintes:

Avaliación inicial ou de diagnose

Xa mencionada no apartado 6.3, exploraremos os coñecementos iniciais do alumnado e a súa predisposición cara a materia durante o primeiro mes do curso. En base ao resultado, adaptaremos os contidos das unidades.

Efectuaremos ademais unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade. Poderá ter unha metodoloxía simplemente interrogativa ou un pequeno exercicio escrito especialmente apropiado cando o que nos interese sexa coñecer a competencia matemática de partida.

Avaliación continua

Faremos un seguimento diario para medir o grao de adquisición de obxectivos e estándares por parte do alumnado. Examinaremos tanto a implicación e

capacidade do alumnado como o propio proceso de aprendizaxe introducindo cando corresponda as medidas correctivas e de mellora.

Avaliación final

Valoración final dos resultados da aprendizaxe. De modo máis rigoroso, teranse presentes os criterios de cualificación, estándares, obxectivos e competencias clave.

Este curso, non existirán avaliacións en setembro, polo que a extraordinaria celebrarase en xuño. Existirá un período entre a final ordinaria e a extraordinaria, aínda por poñer data, pero nese espáceo de tempo se repasarán os contidos necesarios para superar a proba.

7.3. Procedementos de avaliación

Os principais procedementos de avaliación formais que escolleremos serán os seguintes: observación directa na aula, probas escritas, traballos individuais e grupais.

A observación directa na aula comprende tanto a participación do alumno no desenvolvemento das sesións, dando conta do seu interese na materia e da asimilación dos contidos das unidades, como a actitude no grupo no referente aos elementos transversais (véxase apartado 5.2).

Cada 2 ou 3 unidades didácticas e, en calquera caso, dúas veces como mínimo por trimestre, efectuaremos unha proba escrita onde valoraremos a asimilación de contidos mediante a medida de adquisición dos estándares de aprendizaxe. As cuestións, segundo a temática correspondente, poderán ser principalmente:

- Cuestións breves conceptuais.
- Comentarios de texto ou documentos audiovisuais para relacionar cos contidos aprendidos.
- Resolución de exercicios e problemas.

Os traballos individuais e grupais terán un carácter exploratorio e de descubrimento por parte do alumnado. Requirirán maior dificultade e implicación, tendo unha natureza máis transversal e integradora co resto de materias do currículo.

7.4. Instrumentos de avaliación

Se ben os procedementos de avaliación son as accións desenvolvidas polo alumno a través da cal avaliamos o seu progreso, os instrumentos son as ferramentas concretas a través do cal traducimos os procedementos nunha escala cuantitativa ou cualitativa concreta.

Para cada procedemento dos indicados no apartado anterior dotarémonos duns instrumentos que sintetizamos na seguinte táboa:

Procedemento	Instrumentos
Observación directa	Diario do docente
Probas escritas	Rúbricas
Traballos grupais/individuais	

O diario do docente será un conxunto de anotacións breves que o axudarán a coñecer o alumnado, levar un seguimento máis controlado do proceso aprendizaxe así como adaptalo ao nivel de logro conseguido. A partir dos rexistros no diario que existan do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe por parte do alumnado, trasladaremos unha valoración cuantitativa que terá presentes as competencias clave e elementos transversais curriculares.

As rúbricas son escalas de apreciación dos procedementos de aprendizaxe que deben ter base nos criterios-estándares correspondentes a cada unidade.

7.5. Grao mínimo e temporalización para cada estándar

Cada un dos estándares do currículo da materia se avaliarán mediante un ou varios dos procedementos dos procedementos e instrumentos indicados anteriormente e consideraranse superados cando o grao mínimo de consecución nunha escala de 1 a 100 acade unha determinada porcentaxe particular por estándar.

Nas seguintes táboas procedemos a detallalo individualizado para cada un dos estándares de aprendizaxe do currículo para o que indicamos, ademais, o número de sesións previsto.

7.5.1. Economía en Educación Secundaria

criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mín.	CC ¹	NºS ²
B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	30%	CCL CSC	2
	ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	30%	CAA CD	3
B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	30%	CCL	2
	ECB1.2.2. Diferencia entre economía positiva e economía normativa.	50%	CAA CSC	2
	ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de	50%	CD CMCCT	2

¹ CC: Competencias clave

² NºS: Número de sesións asignado

es.	posibilidades de producción.			
B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	30%	CMCCT CSC	2
	ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	30%	CMCCT CSC	2
B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	30%	CMCCT CSIEE	3
	ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	30%	CAA CD	3
	ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	30%	CSIEE CSC	2
B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	50%	CMCCT CSC	2
	ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	50%	CD CSC	3

B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	30%	CCL CD CMCCT	2
B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	50%	CD CMCCT	3
B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	30%	CD CMCCT	2
	ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	30%	CSC	2
B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	30%	CAA CD CMCCT	3
	ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	30%	CAA CD CMCCT	3
	ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	30%	CAA CD CMCCT	2
B3.2. Decidir con racionalidade	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros	30%	CAA CSIEE	3

ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social.	ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.			
B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	50%	CAA CSC	2
	ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	50%	CAA CSC	3
B3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	30%	CCL CMCCT	3
	ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	30%	CCL CAA CD	3
	ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	30%	CAA CD	3
	ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	50%	CCL CD CMCCT	2
B3.5. Coñecer o concepto de	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións	30%	CAA CCL	3

seguro e a súa finalidade.	adversas nas etapas da vida.		CMCCT	
B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	50%	CMCCT CSC	2
	ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	50%	CD CMCCT	2
	ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	30%	CMCCT CSC	2
	ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	30%	CCL CSC	3
B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	50%	CCL CMCCT	2
B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta.	50%	CCL CMCCT CSC	2
	ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	30%	CAA CD CMCCT	3
B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro,	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	30%	CCL CSC	2

inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	30%	CCL CMCCT CSC	3
	ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	30%	CD CMCCT	2
B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	30%	CCL CMCCT CSC	3-
	ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	50%	CD CSC	3
	ECB5.2.3. Investiga e reconece vieiros e tendencias de emprego.	30%	CAA CD	2
B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	50%	CAA CSC	2
	ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	50%	CCL CSC	2
	ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	30%	CAA CD CSC	3
	ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	50%	CCL CD CSC	2
	ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	50%	CAA CSC	2

7.5.2. Economía da empresa en 2º de Bacharelato

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mín.	CC ³	NºS ⁴
B1.1. Describir e interpretar os elementos da empresa, as clases de empresas e as súas funcións na economía, así como as formas xurídicas que adoptan, e relacionar con cada unha as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, e as esixencias de capital.	EEB1.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias de capital e coas responsabilidades para cada tipo.	50%	CD CMCCT CSIE	2
	EEB1.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresa máis apropiadas en cada caso en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	50%	CD CMCCT	2
	EEB1.1.3. Analiza, para un determinado caso práctico, os criterios de clasificación de empresas: segundo a natureza da actividade que desenvolven, a súa dimensión, o nivel tecnolóxico que alcanzan, o tipo de mercado en que operan, a fórmula xurídica que adoptan, e o seu carácter público ou privado.	50%	CAA CD CMCCT	2
	EEB1.1.4. Describe os elementos da empresa en relación coas funcións que desenvolven e os obxectivos que procuran dentro do sistema.	50%		2
B1.2. Identificar e analizar os trazos principais do contorno en que a empresa desenvolve a súa actividade e explicar, a partir deles, as estratexias e as decisións	EEB1.2.1. Identifica os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu contorno, así como a forma de relacionar co seu contorno máis próximo.	30%	CD CMCCT CSC CSIEE	2
	EEB1.2.2. Analiza a relación entre empresa, sociedade e ambiente, e valora os efectos positivos e negativos das actuacións das empresas nas esferas social e ambiental.	50%	CD CSC CSIEE	2
	EEB1.2.3. Analiza a actividade das empresas como elemento dinamizador de progreso,	50%	CSC	1

³ CC: Competencias clave

⁴ NºS: Número de sesións asignado

adoptadas, e as posibles implicacións	estimando a súa creación de valor para a sociedade e para a cidadanía.		CSIEE	
sociais e B2.1. Identificar e analizar as estratexias de crecemento e as decisións tomadas polas empresas, tendo en consideración as características do marco global en que actúan.	EEB2.1.1. Describe e analiza os factores que determinan a localización e a dimensión dunha empresa, e valora a transcendencia futura para a empresa desas decisións.	50%	CCL CMCCT	2
	EEB2.1.2. Valora o crecemento da empresa como estratexia competitiva e relaciona as economías de escala coa dimensión óptima da empresa.	50%	CD CMCCT CSIEE	2
	EEB2.1.3. Identifica e explica as estratexias de especialización e diversificación.	50%	CCL CMCCT CSIEE	2
	EEB2.1.4. Analiza as estratexias de crecemento interno e externo a partir de supostos concretos.	50%	CAA CD CMCCT	2
	EEB2.1.5. Examina o papel das pequenas e das medianas empresas no noso país, e valora as súas estratexias e as súas formas de actuar, así como as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	50%	CSC CSIEE	2
	EEB2.1.6. Describe as características e as estratexias de desenvolvemento da empresa multinacional, e valora a importancia da responsabilidade social e ambiental.	50%	CCL CSC CMCCT	3
	EEB2.1.7. Estuda o impacto da incorporación da innovación e das novas tecnoloxías na estratexia da empresa, e relaciónao coa capacidade para competir de xeito global.	50%	CD CMCCT CSC	2

B3.1. Explicar a planificación, a organización e a xestión dos recursos dunha empresa, valorando as posibles modificacións para realizar en función do ámbito en que desenvolve a súa actividade.	EEB3.1.1. Reflexiona sobre a división técnica do traballo nun contexto global de interdependencia económica para valorar as súas consecuencias sociais.	50%	CMCCT CSC	1
	EEB3.1.2. Describe a estrutura organizativa, o estilo de dirección, as canles de información e de comunicación, o grao de participación na toma de decisións e a organización informal da empresa.	50%	CCL CMCCT CSIEE	2
	EEB3.1.3. Identifica a función de cada área de actividade da empresa (aprovisionamento, produción e comercialización, investimento e financiamento, recursos humanos e administrativa), así como as súas interrelacións.	50%	CD CMCCT CSIEE	2
	EEB3.1.4. Investiga sobre a organización nas empresas do seu ámbito máis próximo e identifica vantaxes e inconvenientes, detecta problemas para solucionar, e describe propostas de mellora.	30%	CAA CD CSC CSIEE	2
	EEB3.1.5. Aplica os seus coñecementos a unha organización concreta, para detectar problemas e propor melloras.	50%	CAA CMCCT CSIEE	2
	EEB3.1.6. Valora a importancia dos recursos humanos nunha empresa e analiza diferentes maneiras de abordar a súa xestión e a súa relación coa motivación e a produtividade.	50%	CAA CSC CSIEE	1
B4.1. Analizar procesos produtivos desde a perspectiva da eficiencia e a produtividade, e recoñecer a importancia da	EEB4.1.1. Realiza cálculos da produtividade de distintos factores e interpreta os resultados obtidos, coñecendo medios e alternativas de mellora da produtividade nunha empresa.	50%	CD CMCCT	3
	EEB4.1.2. Analiza e valora a relación entre a produtividade e os salarios dos/das traballadores/as.	50%	CMCCT CSC	1

I+D+i.	EEB4.1.3. Reflexiona sobre a importancia para a sociedade e para a empresa da investigación e da innovación tecnolóxica en relación coa competitividade e o crecemento.	30%	CAA CMCCT CSC	1
B4.2. Determinar a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio e o seu limiar de rendibilidade, a partir dun suposto formulado.	EEB4.2.1. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda xerados ao longo do exercicio económico, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	50%	CD CMCCT	3
	EEB4.2.2. Identifica e calcula os tipos de custos, ingresos e beneficios dunha empresa, e represéntaos graficamente.	50%	CD CMCCT	3
	EEB4.2.3. Calcula o limiar de vendas (de rendibilidade) necesario para a supervivencia da empresa.	50%	CD CMCCT	3
	EEB4.2.4. Analiza os métodos custo beneficio e custo eficacia como instrumentos de medida e avaliación que axudan á toma de decisións.	50%	CMCCT CSIEE	2
B4.3. Describir os conceptos fundamentais do ciclo de inventario e manexar os modelos de xestión.	EEB4.3.1. Identifica os custos que xera o almacén e resolve casos prácticos sobre o ciclo de inventario.	50%	CD CMCCT	3
	EEB4.3.2. Valora as existencias en almacén mediante diferentes métodos.	50%	CD CMCCT	2
	EEB4.3.3. Valora a relación entre o control de inventarios e a produtividade e a eficiencia nunha empresa.	50%	CMCCT CSIEE	2
B5.1. Analizar as características do mercado e explicar, de acordo con elas, as políticas de márketing	EEB5.1.1. Caracteriza un mercado en función de diferentes variables como, por exemplo, o número de competidores e o produto vendido.	50%	CSIEE	1
	EEB5.1.2. Identifica e adapta a cada caso concreto as estratexias e os enfoques de márketing.	50%	CAA CD CMCCT	2

aplicadas por unha empresa ante diferentes situacións e obxectivos.	EEB5.1.3. Interpreta e valora estratexias de márketing, incorporando nesa valoración consideracións de carácter ético, social e ambiental.	50%	CD CMCCT CSC CSIEE	2
	EEB5.1.4. Comprende e explica as fases e as etapas da investigación de mercados.	50%	CCL CMCCT	2
	EEB5.1.5. Aplica criterios e estratexias de segmentación de mercados en casos prácticos.	50%	CD CMCCT	2
	EEB5.1.6. Analiza e valora as oportunidades de innovación e transformación do márketing que xorden co desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación.	50%	CD CMCCT CSC	2
	EEB5.1.7. Describe a organización e o funcionamento do departamento comercial da empresa.	50%	CCL CMCCT	1
	EEB5.1.8. Determina as necesidades da clientela en relación coas características dos produtos ou dos servizos ofrecidos pola empresa.	50%	CD CMCCT CSC	1
B6.1. Identificar os datos máis salientables do balance e da conta de perdas e ganancias, explicar o seu significado, diagnosticar a situación a partir da información obtida e propor medidas para a	EEB6.1.1. Recoñece os elementos patrimoniais e a función que teñen asignada.	50%	CMCCT CSIEE	2
	EEB6.1.2. Identifica, valora e clasifica os bens, os dereitos e as obrigas da empresa en masas patrimoniais.	50%	CMCCT	3
	EEB6.1.3. Interpreta a correspondencia entre os investimentos e o seu financiamento.	50%	CAA	2
	EEB6.1.4. Detecta posibles desaxustes no equilibrio patrimonial, na solvencia e no apancamento da empresa, mediante a utilización de rateos.	50%	CMCCT	3

súa mellora.	EEB6.1.5. Propón medidas correctoras axeitadas en caso de se detectar desaxustes patrimoniais ou financeiros.	50%	CAA CSIEE	2
	EEB6.1.6. Recoñece a importancia do dominio das operacións matemáticas e dos procedementos propios das ciencias sociais como ferramentas que facilitan a solución de problemas empresariais.	50%	CMCCT CD	2
	EEB6.1.7. Recoñece a conveniencia do equilibrio económico, patrimonial e financeiro da empresa.	50%	CMCCT CSIEE	2
	EEB6.1.8. Valora a importancia da información na toma de decisións.	30%	CAA CSIEE	2
	EEB6.1.9. Calcula o resultado do exercicio económico da empresa, empregando os criterios de imputación aplicables.	50%	CD CMCCT	2
	EEB6.1.10. Identifica, interpreta e clasifica os elementos do resultado da empresa.	50%	CD CMCCT CSIEE	3
B6.2. Recoñecer a importancia do cumprimento das obrigas fiscais e explicar os impostos que afectan as empresas.	EEB6.2.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa organización e a actividade que desenvolvan.	50%	CMCCT CSIEE	3
	EEB6.2.2. Describe o funcionamento básico dos impostos que recaen sobre as empresas e destaca as principais diferenzas entre eles.	50%	CCL CMCCT	2
	EEB6.2.3. Valora a achega que supón para a riqueza nacional a carga impositiva que soportan as empresas.	30%	CSC	1
B7.1. Valorar proxectos de investimento, xustificar razoadamente a	EEB7.1.1. Coñece e enumera os métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (criterio do valor actual neto) para seleccionar e valorar investimentos.	50%	CD CSIEE CMCCT	1
	EEB7.1.2. Aplica métodos estáticos (prazo de	50%	CD	3

selección da alternativa máis vantaxosa, diferenciar as posibles fontes de financiamento nun determinado suposto e razoar a elección máis axeitada.	recuperación) e dinámicos (valor actual neto), nun suposto concreto de selección de alternativas de investimento para unha empresa.		CMCCT	
	EEB7.1.3. Explica as posibilidades de financiamento das empresas diferenciando o externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada un e as implicacións na marcha da empresa.	50%	CCL CMCCT	2
	EEB7.1.4. Analiza, nun suposto concreto de financiamento externo, as opcións posibles, os seus custos e as variantes de amortización.	50%	CAA CD CMCCT	2
	EEB7.1.5. Analiza e avalía, a partir dunha necesidade concreta, as posibilidades que teñen as empresas de recorrer ao mercado financeiro.	50%	CAA CMCCT CSIEE	2
	EEB7.1.6. Valora as fontes externas e internas de financiamento da empresa.	50%	CMCCT CSIEE	2
	EEB7.1.7. Analiza e expresa as opcións financeiras que mellor se adaptan a un caso concreto de necesidade financeira.	50%	CAA CMCCT	1
	EEB7.1.8. Aplica os coñecementos tecnolóxicos á análise e á resolución de supostos.	50%	CD CMCCT	1
	EEB7.1.9. Identifica e describe os ciclos da actividade da empresa e as súas fases.	50%	CCL CMCCT CSIEE	2
	EEB7.1.10. Calcula, para un determinado suposto práctico, os períodos de maduración da empresa, e distingue as súas fases.	50%	CMCCT CAA CD	2

7.6. Criterios da cualificación

A cualificación final de cada avaliación resultará dunha media ponderada conforme ao seguinte esquema:

	Procedemento	Ponderación
Economía 4ºESO	Probas escritas	80% (da media das cualificacións das probas realizadas)
	Exercicios, traballos individuais e grupais	20% (da media das cualificacións dos traballos realizados)
Economía da empresa 2º BAC	Probas escritas	80% (da media das cualificacións das probas realizadas)
	Exercicios, traballos individuais e grupais	20% (da media das cualificacións dos traballos realizados)

O alumno que obteña unha nota (despois de realizar a media aritmética ponderada anterior) menor a 5 en calquera trimestre ten a posibilidade de realizar unha proba adicional de recuperación que terá lugar ao final do curso.

A avaliación ordinaria será, en primeira instancia, a nota media das tres avaliacións. De resultar inferior, o alumno será convocado á avaliación extraordinaria onde novamente será avaliado dos contidos globais do curso co mesmo criterio de superación que na avaliación ordinaria.

7.7. Seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente

7.7.1. Mecanismo de avaliación e cualificación

O procedemento de avaliación a empregar será a proba escrita cunha combinación equitativa entre cuestións e definicións clave conforme aos contidos curriculares e aplicación das mesmas en exercicios numéricos ou en contextos reais mediante razoamento e extracción de conclusións.

7.7.2. Probas a realizar

Efectuaremos 3 probas escritas durante o curso: dúas probas parciais e unha proba final.

Para considerar superada a materia pendente mediante as dúas probas parciais será preciso acadar entre as dúas probas unha nota media superior a 5. De ser así, o alumnado quedará exento de realizar a proba final.

En caso de non superar a materia pendente por medio das probas parciais, terá dereito á realización dunha única proba final do conxunto dos contidos curriculares.

O reparto da materia entre as probas conforme ao currículo da LOMCE vixente na actualidade será o seguinte:

1ª proba parcial	Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica Bloque 2. A actividade produtiva Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos Bloque 4. A macroeconomía
2ª proba parcial	Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía

	Bloque 6. O contexto internacional da economía Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía
Proba final	Bloques do 1 ao 7 anteriores

A calendarización das probas axustarase ás seguintes datas

1ª proba parcial: mediados de xaneiro

2ª proba parcial: mediados de abril

Proba final: mediados de maio

O nivel mínimo esixible para superar a materia pendente requirirá do alumno un dominio básico dos estándares de aprendizaxe dos distintos bloques de contidos conforme ao currículo da materia.

Ese dominio básico pasará por acadar un nivel de 1 sobre 3 segundo as rúbricas que se empregarán como instrumento de avaliación para as diferentes probas.

7.8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.

7.8.1. Indicadores de planificación

1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos.
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación de aula tendo conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.

5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.
6. Establece os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe dos seus alumnos e alumnas.
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á materia.

7.8.2. Indicadores de motivación do alumnado

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Expón situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades atopadas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes en clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

7.8.3. Indicadores de desenvolvemento do ensino

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou mapas conceptuais, esquemas.
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.

5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e alumnas.
8. Expón actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Expón actividades grupais e individuais.

7.8.4. Indicadores de seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de maneira equilibrada á avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel do alumnado, etc.

11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.

8. Medidas de atención á diversidade.

Tal e como indica o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, “os centros docentes terán autonomía para organizar os grupos e as materias de maneira flexible e para adoptar as medidas de atención á diversidade máis adecuadas ás características do seu alumnado e que permitan o mellor aproveitamento dos recursos de que dispoña. As medidas de atención á diversidade que adopte cada centro docente formarán parte do seu proxecto educativo, de conformidade co que establece o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación”.

No marco da *Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, integramos nesta programación didáctica os protocolos relativos a este ámbito que figuran no portal Educonvives.gal.

ACNEAE (alumnado con necesidade específica de apoio educativo)

Conforme á lexislación, o alumnado ACNEAE é todo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, xa for por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. Contemplaremos a este respecto os seguintes casos por ser os máis habituais:

Para o alumnado con deficiencias no ritmo de aprendizaxe, proporemos materiais e tarefas cun enfoque ao reforzo e asentamento das cuestións base que lle permitan manter a conexión e o interese na materia durante o curso.

Situaremos na aula nas primeiras filas para controlar e modular o ritmo da explicación.

Para o alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis elevado ca o común do grupo, dentro do capítulo de traballos voluntarios, procuraremos aqueles que poidan supoñer un reto maior para os seus intereses. Ademais, ofreceremos materiais e lecturas cun enfoque individualizado que funcionen de estímulo.

Para o alumnado con diagnose de TDAH ou similar, faremos un seguimento individualizado no Diario do docente (ver apartado 7.3) procurando levar un control da súa conexión co ritmo das unidades. Situaremos nas primeiras filas e xunto ao alumnado que preste maior atención e mostre maior interese en aulas.

De ser necesario e, en coordinación co Departamento de Orientación, estudaremos a posibilidade de adaptar exames (espazo para as respostas, enunciados concisos, datos de relevancia en negriña, adaptación de tempos, etc.) de acordo co protocolo de tratamento de casos de TDAH da Xunta.

9. Actividades complementarias e extraescolares.

Intentárase programar unha visita a unha empresa o máis próxima posible co obxectivo de alumnos apliquen os seus coñecementos a unha organización concreta. Na medida do posible, a empresa visitada pertencerá ao sector primario ou secundario para que permita ao alumnado analizar un sistema de produción complexo con factores produtivos máis identificables.

Esta visita deberá realizarse entre o segundo e o terceiro trimestre para facer posible alumnos e alumnas adquiran os coñecementos teóricos precisos para observar a realidade con espírito crítico.

Unha vez realizada a visita os alumnos asistentes deberán entregar unha memoria da mesma e, se algún alumno non asiste, entregará un traballo sobre a empresa visitada o cal conterá serie de puntos mínimos previamente fixados (estipularanse en función de cal sexa a visitada). Tanto a memoria da visita

coma o traballo alternativo valoraranse a hora de a nota da avaliación dentro do apartado do procedemento do traballo individual (ver apartado 7.3.).

10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica.

O seguimento da programación é un dos puntos que se deberán tratar sempre que se unha reunión do departamento.

No departamento de Economía un dos modo para avaliar a propia programación sería a través do cumprimento dos obxectivos deseñados para cada estándar de aprendizaxe (ver apartado 7.5.). O feito de non acadar cumprimento dos devanditos obxectivos daría lugar á revisión da metodoloxía secuenciación de contidos, adecuación dos procedementos de avaliación, da metodoloxía e revisión das medidas adoptadas para a atención ao alumnado con necesidades específicas de educativo.

11.- Criterios sobre a avaliación e cualificación, ao remate do curso.

11.1.- 4º ESO.

11.2.- 2º BACHARELATO.

12.- Metodoloxía.

12.1.- Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria en 2º BAC

11.- Criterios sobre a avaliación e cualificación	
1º Avaliación 2º Avaliación 4º ESO	Cálculo da nota da 1.ª 2ª Avaliación: 80% Probas obxectivas orais ou escritas, incluídas as lecturas obrigatorias 20% Exercicios, traballos e tarefas obrigatorias.
	Procedemento de recuperación da 1.ª avaliación: Proba escrita para recuperar os contidos suspensos. Novos exercicios, para os que non os fixeran

<p>3ª Avaliación 4º ESO</p>	<p>A calificación parcial da terceira obterase polo mesmo procedemento que nas dúas avaliacións anteriores. A nota final da terceira será a media das cualificacións parciais. Considerase aprobada cando a nota é igual ou superior a 5</p> <p>Procedemento de recuperación Se a nota non alcanza o 5, deberá realizar tarefas de recuperación durante o período que resta de curso</p>
<p>Calculo da cualificación final de 4º ESO</p>	<p>Os alumnos que teñan que recuperar alguna avaliación terán exercicios e tarefas que por un valor do 20% e o resto o 80% corresponde a nota da proba. A nota final do alumno será a media das obtidas nas tres avaliacións.</p>
<p>Avaliacións no 2º Bacharelato</p>	<p>Cálculo da nota da 1.ª 2ª 3ª Avaliación: 80% Probas obxectivas orais ou escritas, incluídas as lecturas obrigatorias 20% Exercicios, traballos e tarefas obrigatorias</p> <p>Procedemento de recuperación: Terán un exame de recuperación final.</p> <p>Cálculo da nota final ordinaria: Será a media das notas trimestrais ou de recuperación. Considerase aprobada cando a nota é igual ou superior a 5.</p>
<p>Proba extraordinaria para BAC</p>	<p>Os alumnos de 2.º de bacharelato que non superasen a materia na avaliación ordinaria deberán ir a recuperación, que terá unha proba, que suporán o 100% de nota final. Considerarase aprobada a materia se a nota é igual ou superior a 5 puntos.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente: Será a media das cualificacións parciais. Pero cando a media non alcance o 5 deberá facer unha proba final.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Os alumnos de 2º de Bacharelato con a materia pendente de 1º, ademais de ofrecerlles aclaración en todas as dúbidas deberán realizar as probas parciais e exercicios que se lle manden. En caso de que a nota media dos exames sexa superior a 5, será a nota da materia pendente. En caso de non superar o 5, terá unha proba final de recuperación no mes de maio, e se tampouco a supera terá outra no mes de xuño. Estas probas consistiran en determinar se acada o grao mínimo de coñecemento en determinados estándares. A proba será cualificada cun máximo de 10 puntos e a nota será a obtida nesta proba.</p>
<p>12.- Metodoloxía.</p>	

12.1.- Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e a extraordinaria en 2º BAC

Metodoloxía	Proba de recuperación extraordinaria. Entrega de actividades sobre os contidos da proba. Traballo na aula máis individualizado para resolver dúbidas. Participación do alumnado dunha forma máis activa. Preparación ABAU. Faranse probas tipos ABAU Simulación das ABAU cas mesmas condicións. Entrega dos materiais necesarios para as probas.
Actividades tipo	Preparación da proba extraordinaria. Se realizarán exercicios, probas ou traballos de repaso como os realizados durante o curso para reforzar os coñecementos da proba e non contarán para a nota da proba extraordinaria. Preparación ABAU. Simulacros individuais e co grupo das probas universitarias.
Materiais e recursos	Apuntamentos, textos e demais material necesario usado durante o curso, máis calquer outro necesario e que non se entregara.

En Vilagarcía de Arousa, a 15 de setembro de 2022.

José Manuel Oliveira Cortés.

Xefe de departamento de Economía